

BASES REGULADORAS DA INSCRICIÓN NA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO.

1. OBXECTO

Constitúe o obxecto destas Bases regular a inscrición na **Escola Municipal de Teatro**.

Ademais estas bases regularán as situacións que se poidan producir durante o desenvolto desta actividade.

Todas as publicacións relativas a este proceso faranse polos seguintes medios:

- Na páxina web municipal: <https://www.vilalba.gal/>
- No taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Vilalba: <https://vilalba.sedelectronica.es/board>

Asimesmo, poderase obter información no teléfono 982510761 e no correo electrónico do Servizo Municipal de Cultura (SMC) cultura@vilalba.es

2. SUXEITOS

A convocatoria vai dirixida a todas as persoas interesadas en inscribirse na escola municipal de teatro especificada no **punto 6** destas Bases, tendo preferencia de participación a veciñanza empadroadada no Concello de Vilalba, no caso de existir máis solicitudes que prazas ofertadas.

3. INSCRICIÓN

3.1. DATAS DE INSCRICIÓN

De xeito xeral establécense un único período de inscrición:

- Dende a publicación destas bases ata o **20 de outubro**: para todos os grupos da escola municipal de teatro.

3.2. PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN

A folia de inscrición debe facerse por calquera dos medios de presentación recollidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento común das administracións públicas:

- A través do trámite xenérico na sede electrónica do Concello de Vilalba, Inscrición en Actividades ou Cursos (Id Sia 1644685), adxuntando o formulario editable: <https://vilalba.sedelectronica.es>
- Excepcionalmente con causa xustificada poderase presentar a solicitude de forma presencial no rexistro xeral do Concello de Vilalba nas oficinas xerais no 1º andar, **en horario de 9:00h a 14:00h**.

BASES APROBADAS POR XUNTA DE GOBERNO CON DATA DO 10 DE OUTUBRO DE 2022 ,

Asdo. Alcaldesa

Mª Elba Veleiro Fernández

Concello de Vilalba

3.3. PAGO DO PREZO PÚBLICO

O alumnado deberá pagar o prezo público correspondente.

O pago do prezo público realizarase por domiciliación bancaria mediante orde da tesourería municipal con cargo ao número de conta proporcionado polo alumnado, cubrindo o espazo do formulario destinado a tal efecto así como achegando un certificado do número de conta no momento da inscrición.

3.4. LIMITACIÓN NO NÚMERO DE ALUMNO/AS POR GRUPO.

Establécese un máximo de 25 alumnos/as por grupo (infantil, xuvenil e adulto).

3.5. NÚMERO MÍNIMO DE INSCRITOS E REAGRUPACIÓNS

No caso de que nalgunha non se alcance dito mínimo, e sempre e cando haxa vacantes noutra e se conte, ademais, co visto bo do profesor correspondente, propoñerase a este alumnado a participación nun grupo distinto ao solicitado.

3.6. LISTAS DE ESPERA

No caso de que o número de solicitudes supere ao número de prazas ofertadas, realizarase un sorteo por medios electrónicos e publicarase o resultado. As persoas que non obteñan praza pasarán a formar parte da lista de espera, sendo chamados a ocupar unha vacante de ser o caso. No caso de existir unha vacante, procederase ao sorteo da mesma entre o alumnado en lista de espera.

3.7. PROCEDEMENTO DO SORTEO

Co fin de garantir a igualdade de oportunidades de todos os solicitantes e que todos teñan as mesmas probabilidades de obter unha praza, establécese o seguinte procedemento:

- Ordenaranse as solicitudes por orde alfabética de apelidos.
- Asignaráselle a cada solicitante un número.
- Realizarase o sorteo electrónico aleatorio dos números asignados a cada solicitante en función do número de prazas que corresponda a cada grupo (infantil, xuvenil ou adulto).

A data do sorteo público, de ser preciso, publicarase por medios electrónicos.

3.8. PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE ADMITIDOS

A listaxe de admitidos publicarase o día seguinte a data de finalización do período de inscrición.

3.9. PUBLICACIÓN DAS LISTAXES PROVISIONAIS DE AGARDA E QUENDAS SEN EFECTO

BASES APROBADAS POR XUNTA DE GOBERNO CON DATA DO 10 DE OUTUBRO DE 2022 ,

Asdo. Alcaldesa

Mª Elba Veleiro Fernández



Concello de Vilalba

A listaxes provisionais de agarda e as quendas sen efecto por falta de inscritos publicarase non antes de que transcorran 5 días dende a data de finalización do período de inscrición. As restantes solicitudes do alumnado non publicadas netas listaxes consideraranse admitidas, obtendo a praza solicitada e recibirán unha notificación por SMS ou medios electrónicos.

Os solicitantes que o desexen poderán efectuar reclamacións contra estas listaxes durante un prazo mínimo de 3 días a contar dende o día seguinte á publicación de ditas listaxes a través de medios electrónicos no correo: cultura@vilalba.es

No caso de non existir reclamacións ou variacións que afecten ó listado provisional, este elevarase a definitivo.

3.10. PERÍODOS PARA DARSE DE BAIXA UNHA VEZ COMEZADO O CURSO.

Establécese o seguinte período para darse de baixa na actividade, outorgando ao alumnado/a a posibilidade de contar cun período de proba inicial na actividade:

☐ Do **15 ao 30 de novembro de 2022** (sen cargo en conta)

As baixas solicitaranse por medios electrónicos no correo cultura@vilalba.es, transcorrido dito período non se poderán tramitar baixas na actividade.

4. NORMAS DE ASISTENCIA DURANTE O CURSO

O/A profesor/a responsable de impartir a actividade levará un control da asistencia ao curso.

Dadas a limitación das prazas polas normativas sanitarias vixentes, establécese unha porcentaxe de asistencia obrigatoria do 60% das sesións do curso. O alumnado só poderá, polo tanto, ter unha porcentaxe de falta inferior ao 40% do total das sesións, sendo esta unha situación excepcional.

Non se requerirá que o alumnado presente un xustificante pola súa falta de asistencia, non existindo distinción entre falta xustificada e non xustificada, agás naqueles casos de falta de asistencia por enfermidade ou por motivos de conciliación laboral e familiar, debendo o alumnado poñelo en coñecemento do SMC por medios electrónicos.

No caso de que se chegue ao 40% de faltas de asistencia o alumnado debe causar baixa sen dereito a percibir a devolución proporcional da correspondente taxa.

4.1. CALENDARIO DA ACTIVIDADE.

De xeito xeral, o calendario da Escola Municipal de Teatro coincidirá co calendario escolar local, sendo a data prevista de inicio o 20 de outubro de 2022 e a data prevista de fin o 29 de xuño de 2022.

5. SUSPENSIÓN E RECUPERACIÓN DAS CLASES

BASES APROBADAS POR XUNTA DE GOBERNO CON DATA DO 10 DE OUTUBRO DE 2022 ,

Asdo. Alcadesa

M^a Elba Veleiro Fernández

Concello de Vilalba

No caso de suspensión, o Servizo Municipal de Cultura comunicara por sms ou correo electrónico dito feito, ata as 9:00 horas do mesmo día para as actividades matinais e ata as 14:00 horas do mesmo día para as actividades vespertinas. A imposibilidade de recuperar clases por este tipo de factores, non dará dereito ao alumnado a percibir a devolución proporcional da correspondente taxa.

6. OFERTA DA ACTIVIDADE

Na seguinte táboa especifícase a oferta de actividade, horarios, temporalidade, espazo, idades dos participantes, e número de prazas.

Escola de Teatro	Día	Horario	Instalación	Idades	PAZAS
ACTIVIDADE Inicio o 20 de outubro de 2022, remate o 29 de xuño 2023					
Grupo Infantil	Xoves	18:00 -19:00	Auditorio	Dos 6 anos (2016) ata os 10 anos (2012)	25
Grupo Xuvenil	Xoves	19:15-20:45	Auditorio	Dos 11 anos (2011) ata os 16 anos (2006)	25
Grupo Adulto	Xoves	21:00 _22:30	Auditorio	+16 anos	25

6.1. NORMAS XERAIS

- Considéranse as idades referidas a data 31 de decembro de 2022.
- O SMC por motivos técnicos, pedagóxicos, organizativos ou outras circunstancias concorrentes, resérvase a facultade de re-axustar os grupos, horarios e se fose necesario deixalos sen efecto.
- No caso de que as restriccións impostas pola situación epidemiolóxica cambiante, impliquen modificacións de aforos, faránse divisións dos grupos de ensaio, redistribuindo os seus compoñentes entre os horarios establecidos.
- A persoa solicitante e, no seu caso, quen ostente a súa garda e custodia ou tutela, declarará baixo a súa responsabilidade que son certos os datos facilitados. No caso de que o SMC detecte falsidade nos devanditos datos, a persoa causará baixa sen dereito á devolución dos prezos públicos aboados.
- Coa presentación da solicitude entenderase que o alumnado inscrito e, no seu caso, o seu pai/nai ou titor/a autoriza a utilización do móbil e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte do SMC ou o profesor/a da actividade.
- Dado que o dereito á propia imaxe está recoñecido no artigo 18 da Constitución, regulado pola Lei 1/1982, do 5 de maio, sobre o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar, e regulado polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos

BASES APROBADAS POR XUNTA DE GOBERNO CON DATA DO 10 DE OUTUBRO DE 2022 ,

Asdo. Alcadesa

Mª Elba Veleiro Fernández

Concello de Vilalba

persoais e á libre circulación destes datos, o Concello de Vilalba, pide o consentimento aos pais, nais ou titores legais para poder publicar as imaxes nas cales aparezan individualmente ou en grupo os nenos e nenas nas diferentes actividades da escola municipal de teatro 2021-22, co fin de publicalas nas redes sociais municipais, así como cedelas a medios de comunicación locais.

- De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril de 2016 (GDPR) e co establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999 os datos de carácter persoal declarados pasarán a formar parte do ficheiro denominado ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO 2022-23, do que será responsable do tratamento o Concello de Vilalba e, no seu caso, Social Cloud S.L., como encargado do tratamento, e cuxas finalidades e usos previstos serán os seguintes: xestión centralizada da escola municipal de teatro 2022-23. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer dirixíndose a Concello de Vilalba, Praza da Constitución nº 1, 27800, VILALBA (LUGO). Email: info@vilalba.es. Se considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente, poderá presentar unha reclamación ante a autoridade de control en www.agpd.es.

7. PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO.

1. O alumnado non asistirá se presenta febre, síntomas compatibles coa enfermidade COVID-19 ou calquera outra, ou se está pendente do resultado dunha proba diagnóstica de infección activa (PDIA), comprometéndose a coñecer e aceptar as medidas de hixiene e de seguridade establecidas para o desenvolvemento da actividade, sendo responsabilidade exclusiva do propio alumnado ou do seu pai/nai ou titores legais o seu incumprimento.
2. O horario asignado será rigoroso, non podendo atrasarse nin excederse en ningún momento nas franxas asignadas de tempo.
3. É preciso que acuda unha única persoa á entrega e recollida de cada menor ou grupo de irmáns
4. Non é posible a asistencia de pais, nais, titores ou público durante as sesións.
5. Aseos. A ocupación máxima será dunha persoa salvo naqueles supostos de persoas que poidan precisar asistencia. Non se poderán utilizar para outro fin que o propio e polo tempo imprescindible.
6. Durante a actividade estableceranse medidas para procurar manter a distancia interpersonal de seguridade sempre que o tipo de interpretación escénica o permita. Igualmente é obrigatorio o uso de máscara.
7. O uso de máscara será o que determinen as autoridades sanitarias en cada momento, nembargantes, nas actividades en instalacións pechadas, recoméndase o uso da mesma.

BASES APROBADAS POR XUNTA DE GOBERNO CON DATA DO 10 DE OUTUBRO DE 2022 ,

Asdo. Alcadesa

Mª Elba Veleiro Fernández



Concello de Vilalba

8. O alumnado cumprirá calquera normativa subseguinte aprobada polas autoridades sanitarias competentes que modifique os protocolos vixentes no momento de aprobar estas Bases.
9. Será de recomendable manter a **máxima ventilación natural permanente** na instalación.

8. ACEPTACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA INSCRICIÓNS

A inscrición e participación na **Escola municipal de Teatro** supón a aceptación das normas.

9. REFERENCIAS LEXISLATIVAS

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

BASES APROBADAS POR XUNTA DE GOBERNO CON DATA DO 10 DE OUTUBRO DE 2022 ,

Asdo. Alcaldesa

M^a Elba Veleiro Fernández